



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO B outubro – decembro 2013

9 de outubro: entregamos...




Claus y Lucas, de Agota Kristof

Coa simplicidade sórdida dun conto de fadas, esta triloxía explícanos a historia de dous irmáns xemelgos, Claus e Lucas, condicionados por un vínculo agonizante, que se converte tamén nunha alegoría das forzas que separaron a Europa desde a Segunda Guerra Mundial.

Comentario: 23 de outubro

23 de outubro: entregamos...



Cometas en el cielo, de Khaled Hosseini

Conmovera historia de dous pais e dous nenos, da súa amizade e de cómo a oportunidade pode converterse en fito inesperado do noso destino. Co pano de fondo da vida que se desenvolve en Kabul, no inverno de 1975, con total intensidade, forza e cor dunha cidade confiada no seu futuro...

Comentario: 6 de novembro

6 de novembro: entregamos...



Cuatro hermanas, de Jetta Carleton

A principios dos anos cincuenta, Matthew Soames, mestre rural, e a súa muller, Callie, gozan do final do verán na súa granxa de Renfro, Missouri. As súas fillas acoden a visitalos durante unhas semanas. A súa estancia fai aflorar os recordos que marcaron o paso do tempo e semellan ter dominado a vida das catro irmás.

Comentario: 20 de novembro

20 de novembro: entregamos...




Amor de Artur, de Xosé Luis Mendez Ferrín

Os cinco relatos recolleitos en Amor de Artur, volume dunha fermosura feroz, teñen como fondo o país de Tagoen Ata, territorio paradigmático e símbolo da Galicia mítica. Cinco relatos belísimos, dun engado sutil, que van desde a alegoría fantástica do tema amoroso á recreación do universo cabaleiresco bretón.

Comentario: 4 de decembro

4 de decembro: entregamos...




Una temporada para silbar, de Ivan Doig

Ivan Doig está considerado como un dos mellores cronistas contemporáneos do Oeste americano, alumno aventaxado de autores como Wallace Stegner ou Norman Maclean. *Una temporada para silbar* é unha das súas mellores novelas, froito do seu particular xeito de entender a vida e a imponente natureza de Montana.

Comentario: 18 de decembro

18 de decembro: entregamos...



Piel de salitre, de Juan Mariñas

As aventuras dun grupo de homes, mulleres, animais e cousas que sofren os estragos das tormentas da vida nunha aldea imaxinaria chamada Sorte, situada na costa entre Malpica e Laxe. É unha novela coral con personaxes variados, modestos e reais que senten, sofren e sobreviven en condicións claramente mellorables.

Comentario: 15 de xaneiro